



IV TRAIL NOCTURNO DE OURENSE REGULAMENTO



1. ORGANIZACIÓN

Club Run Maniak Box001 Ourense coa colaboración do Concello de Ourense – Consello Municipal de Deportes, Deputación de Ourense – INORDE, organiza o IV Trail Nocturno de Ourense, que se celebrará o sábado, 21 de SETEMBRO de 2024 a partir das 20:30 h., con saída e meta na Ponte Romana de Ourense

A saída será Neutralizada hasta acceder a Rúa Avilés de Tramancos, donde se dará inicio a proba.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar todas aquelas persoas maiores de 16 anos (o día da proba) que o desexen, federadas ou non federadas, sempre que estean inscritas nos prazos e formas establecidos ao efecto pola Organización.

A proba farás por parellas (masculina/feminina/ mixta), tendo que ir xuntos ao longo de todo o percorrido.

NON HABERÁ CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL.

A Proba é valedera para a clasificación da **Liga Ourensana de Trail** polo que cada participante polo feito de inscribirse cede os seus datos a organización da liga para poder publicar as clasificacións. A efectos da Liga Ourensana de Trail cada atleta puntuará de forma individual para o ranking da súa categoría, así como do seu equipo e Clube.

3. CATEGORÍAS

Establécense as seguintes categorías. Tense en conta a suma das idades dos membros do equipo para determinar a categoría na clasificación da proba.

Establécese un máximo de 100 equipos (200 participantes).

CATEGORÍA	IDADE
SÉNIOR Homes/Mulleres/Mixto	Ata 90 anos
MÁSTER Homes/Mulleres/Mixto	+91 anos



4. INSCRICIÓNS

As inscricións realizaránse a través da web www.sportmaniacs.com ata as 23:00 h. do LUNS , 16 de Setembro de 2024.

Prezo inscrición: 36 € por parella (18 por atleta)

5. ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS

Os dorsais e bolsa do corredor serán entregados na tenda RUNMANIAK situada na rúa Samuel Eiján 9, baixo, de Ourense nos seguintes horarios.

Asegúrase a talla de camiseta para os inscritos antes do 9 de setembro.

Vernes 20 de setembro de 10:30 a 13.30 horas e de 16:30 a 20.30 horas

Sábado 21 de setembro de 10:00 a 14:00 horas

NON SE ENTREGARÁN DORSAIS NA ZONA DE SAÍDA DA PROBA

Non haberá servizo de gardarroupa.

Dispondrase de duchas no Pabellón dos Remedios de Ourense

8. MATERIAL OBRIGATORIO

O material obrigatorio, que se poderá controlar total ou parcialmente na saída, percorrido e meta é o seguinte:

- Dorsal e chip.
- Teléfono móbil operativo. (de un dos membros do equipo)
- Frontal (Opción de compra coa inscricion, prezo 9 euros)

9. SAÍDA

Todos/as os/as participantes deberán pasar obrigatoriamente polos corredores de acceso á zona de saída para o control de dorsal e material obrigatorio.

A Saída será neutralizada dende a Ponte Romana ata a Rúa Avilés de Taramancos donde se dará inicio a proba cronometrada.



10. PERCORRIDO



MODALIDADE	HORA SAÍDA	DISTANCIA	DESNIVEL +
TRAIL	20:30	+/- 17 km.	+700 m.

11. AVITUALLAMENTOS

Líquido no km5 e no km. 10 aproximadamente.

Líquido e sólido na Meta

12. DESCUALIFICACIÓNS

Será obrigatorio cumprir o protocolo para o desenvolvemento da proba.

Todo/a aquel/a que non o cumpra poderá ser descualificado (incluso antes de comezar a competición).

Non se permite:

- Correr separado do compañeiro do equipo.
- Os controles teñen que pasarse cos dous membros do equipo.
- Non levar axeitadamente o dorsal e/ou o chip.
- Non realizar o percorrido completo.
- Manifestar un mal estado físico evidente.

O persoal de Organización, está facultado para retirar xustificadamente da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico evidente.

13. SERVIZOS MÉDICOS E SEGUROS

Haberá servizo de ambulancia.

Todas as persoas participantes estarán cubertas cunha póliza de "Seguro de Responsabilidade Civil" e dun "Seguro de Accidentes".



14. PECHE DE CONTROL

Establécese un tempo límite para realizar a proba de 3 h.

15. PREMIOS

Entregaráse un trofeo aos 3 primeiros equipos clasificados de cada categoría establecida no presente regulamento.

Fdo. Club RunManiak Box001 Ourense